Concello de Lugo

INTERVENCIÓN
LVP/pfa
Refª: ispac14912996966910668 70.doc
Asunto: Modif. ordenanzas fiscais

INFORME DE INTERVENCIÓN
ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA 2027 **EXP TECOL Nº:** **2026/T014/000003. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IBI.** **2026/T014/000005. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL ICIO.** **2026/T014/000006. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IAE.** **2026/T014/000007. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL IVTM.**

En cumprimento do establecido no artigo 54 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), no artigo 92.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 172 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 4 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, emito o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba a Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Ordenanzas fiscais do Concello de Lugo vixentes para 2026.

ANTECEDENTES:

- Decreto número 7191/2026 do 28 de agosto de 2026 asinado por dona María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, que insta a incoación de expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

- Proposta asinada pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal do Excmo. Concello de Lugo, de modificación da Ordenanza Fiscal núm. núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles e da Ordenanza Fiscal núm. 204 reguladora do imposto sobre actividades económicas, de data 26.09.2026.

- Proposta asinada pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal do Excmo. Concello de Lugo, de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 200 Reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, de data 29.09.2026.

- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 29.09.2026, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, Manuel Louzao Aldariz, sobre a aprobación do proxecto de modificación das devanditas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 7191/2026 do 28 de agosto de 2026, analizando os cambios propostos.

- Proxectos de modificación das ordenanzas fiscais núm. 200, 202, 203 e 204 da Ilma. Sra. María del Mar

MURALLA
patrimonio da humanidade

Firmado por: ***283*** - LUIS RAMON VAZQUEZ PARGA (FECHA: 2026-10-02 11:45:30.00)
CVD: 7bAn3Ya4bQYgQds4OJx1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de informe de intervención: 2026/1479

Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 29.09.2026.

- DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE MODIFICACIÓNS DE ORDENANZAS FISCAIS PARA 2027 do Tribunal Económico Administrativo, asinado polos seus membros Tamara Graña Lamazares (presidenta), María Luisa Vila Fernández (secretaria) e Pedro Fernández Agustí (vogal), o 01.10.2026.

- Informe xurídico da secretaría xeral do pleno en relación coa modificación das ordenanzas fiscais para o ano 2027 Exptes nº2026/T014/000003, 2026/T014/000005, 2026/T014/000006, 2026/T014/000007, asinado o 02.10.2026, concluíndo o carácter favorable á tramitación das modificacións propostas, e no que se pon de manifesto, entre outros o seguinte: *"Consta nos respectivos expedientes informes xurídicos favorables da Xefa do Servizo de Facenda Local, dona Isabel Carbonés Bosch, sobre a modificación das ordenanzas fiscais nº 200, 202, 203 e 204 conformados pola a asesoría xurídica municipal -don Manuel Louzao Ardariz-; así como o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo; polo que unha vez emitido o informe preceptivo da intervención municipal procede a súa aprobación polos órganos competentes.*
En consecuencia, corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación dos proxectos de modificación das ordenanzas fiscais referenciadas e posteriormente ao Pleno da Corporación municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas fiscais referenciadas previo ditame da Comisión informativa especial de contas e ordinaria da alcaldía, recursos internos e proxecto de cidade."

Extremos de xeral comprobación:

- Órgano competente: Artigos 127.1.a) e 123.1.d) da LRBRL. Informe xurídico da secretaría xeral do pleno en relación coa modificación das ordenanzas fiscais para o ano 2027 asinado o 02.10.2026: *"De conformidade co disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.*
De conformidade co disposto no artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais."

- Inicio do expediente: Decreto número 7191/2026 do 28 de agosto de 2026 asinado por dona María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, que insta a incoación de expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

- Informe do máximo responsable do servizo: Cumpre

- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 29.09.2026, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, don Manuel Louzao Aldariz, sobre a aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 7191/2026 do 28 de agosto de 2026.

- Informe de Asesoría Xurídica: Consta a conformidade do xefe da Asesoría Xurídica, Manuel Louzao Aldariz no informe do Servizo de Facenda Local citado no punto anterior do 29.09.2026. O artigo 3.4 do RD 128/2018 sinala que a emisión do informe do Secretario, na función de asesoramento xurídico, poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

- Proposta do responsable da área xestora: - Proxectos de modificación das ordenanzas fiscais núm. 200, 202, 203 e 204 da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 29.09.2026.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo: DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE MODIFICACIÓNS DE

ORDENANZAS FISCAIS PARA 2027 do Tribunal Económico Administrativo, asinado polos seus membros Tamara Graña Lamazares (presidenta), María Luisa Vila Fernández (secretaria) e Pedro Fernández Agustí (vogal), o 01.10.2026, de carácter favorable

- Informe Xurídico, artigo 3.3.d.1º) RD 128/2018: Informe xurídico da secretaría xeral do pleno en relación coa modificación das ordenanzas fiscais para o ano 2027 Exptes nº2026/T014/000003, 2026/T014/000005, 2026/T014/000006, 2026/T014/000007, asinado o 02.10.2026, concluíndo o carácter favorable á tramitación das modificacións propostas

- Análise das modificacións propostas:

1.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IVTM

As modificacións que se introducen son as seguintes:

A) Modificación do apartado 3 do artigo 4º. Exencións e bonificacións.

O punto 3 do artigo 4º regula a bonificación na cota do imposto do 50% para os vehículos híbridos (con motor eléctricogasolina, eléctrico-diesel, eléctrico-gas ou gasolina-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes, e do 75% para os vehículos de motor eléctrico e/ou emisións nulas, ou que utilicen esclusivamente como combustible biogás, gas natural, gas líquido, metano, metanol e hidróxeno. Trátase dunha modificación que consiste en para incrementar de 3 a 5 anos o período da bonificación. Esta proposta, como a que xa figuraba ata o momento na ordenanza, non incumpre o disposto no artigo 95.6 do TRLRFL

B) Modificación do punto d) do artigo 5º. Procedemento de concesión de beneficios fiscais.

No punto d) do artigo 5º regúlase, o procedemento de concesión da bonificación regulada no punto 3 do artigo 4º antes citada. A modificación consiste en clarificar que a bonificación terá efectos no exercicio da matriculación de solicitarse no mesmo ano e, no caso de que a solicitude se presente con posterioridade ao exercicio da matriculacion terá efectos no exercicio seguinte da solicitude, estendendo aos 5 anos a que se refire o apartado anterior.

2.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL ICIO

A modificación que se introduce é a seguinte:

A) Engádega dun punto 10 ao artigo 4º bis. Xestión.

Proponse engadir no artigo 4º.bis un apartado para regular unha nova bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións, ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de poder participar no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Especifícanse nesta modificación os requisitos que determinan o concepto “implantación dunha nova actividade” e “ampliación das instalacións” e os requisitos para determinar que existe “creación de emprego”, encomendándose a comprobación dos requisitos ao Servizo de Desenvolvemento Local, o cal someterá ao Excmo. Concello Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal, correspondendo ao servizo de Facenda Local a tramitación da correspondente bonificación e de non cumprirse os requisitos de mantemento

do emprego durante o período de bonificación, a correspondente regularización tributaria. Gradúase a intensidade da bonificación en función do número de empregos xerados de acordo co seguinte:

-1 e ata 10 postos de traballo ..... 50% da cota
- entre 11 e 20 postos de traballo ..... 75% da cota
- 21 ou máis postos de traballo. ..... 80% da cota

A modificación proposta en principio axústase ao disposto no artigo 103.2.a) do TRLRFL, que sinala que as ordenanzas fiscais poderán recoller una bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Como única observación neste caso, sinalar que malia que se trata dun imposto instantáneo, podería considerarse, se a intención é o fomento e a fixación de emprego, como no resto de figuras tributarias afectadas establecer unha obriga de mantemento deste emprego xerado durante un período.

3.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IBI

As modificacións que se introducen son as seguintes:

A) Modificación do apartado 6 do artigo 5°. Bonificacións.

O artigo 5.6, recolle a bonificación do 95% na cota íntegra do imposto de aqueles inmobles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración, amparada no artigo 74.2 quáter do TRLRFL. A modificación consiste en determinar que terá efectos dende o período seguinte a aquel no que se efectúe a súa solicitude, recolléndose no texto a observación realizada por esta Intervención no anterior informe relativo á proposta de modificación desta Ordenanza fiscal, do 10.09.2026, de que isto será así sempre que da solicitude resulte que se reunían os requisitos antes da devindicación do imposto, que se produce o 1 de xaneiro.

B) Engádega dun punto 8 ao artigo 5°. Bonificacións.

Proponse engadir no artigo 5° un apartado para regular unha nova bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de poder participar no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Especifícanse nesta modificación os requisitos que determinan o concepto “implantación dunha nova actividade” e “ampliación das instalacións” e os requisitos para determinar que existe “creación de emprego”, encomendándose a comprobación dos requisitos ao Servizo de Desenvolvemento Local, o cal someterá ao Excmo. Concello Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal, correspondendo ao servizo de Facenda Local a tramitación da correspondente bonificación e de non cumprirse os requisitos de mantemento do emprego durante o período de bonificación, a correspondente regularización tributaria. A duración da bonificación será de 3 anos e gradúase a intensidade desta en función do número de empregos xerados de acordo co seguinte:

-1 e ata 10 postos de traballo ..... 50% da cota

- entre 11 e 20 postos de traballo ..... 75% da cota
- 21 ou máis postos de traballo. ..... 80% da cota

A modificación proposta en principio axústase ao disposto no artigo 74.2quater do TRLRFL, que sinala que os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de **fomento do emprego** que xustifiquen tal declaración.

4.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IAE

A modificación que se introduce é a seguinte:

A) Engádega dun punto 2 ao artigo 6º.

Proponse engadir no artigo 6º un apartado para regular unha nova bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de poder participar no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Especifícanse nesta modificación os requisitos que determinan o concepto "implantación dunha nova actividade" e "ampliación das instalacións" e os requisitos para determinar que existe "creación de emprego", encomendándose a comprobación dos requisitos ao Servizo de Desenvolvemento Local, o cal someterá ao Excmo. Concello Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal, correspondendo ao servizo de Facenda Local a tramitación da correspondente bonificación e de non cumprirse os requisitos de mantemento do emprego durante o período de bonificación, a correspondente regularización tributaria. A duración da bonificación será de 3 exercicios e gradúase a intensidade desta en función do número de empregos xerados de acordo co seguinte:

-1 e ata 10 postos de traballo ..... 50% da cota
- entre 11 e 20 postos de traballo ..... 75% da cota
- 21 ou máis postos de traballo. ..... 80% da cota

A modificación proposta en principio axústase ao disposto no artigo 95.2.e) do TRLRFL, que sinala que os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO PREVIO

Procede a tramitación do expediente, en base aos informes que conclúen o seu carácter favorable, debendo seguirse para a súa aprobación o procedemento recollido no apartado terceiro "Iter procedimental" do informe xurídico da secretaría xeral do pleno do 02.10.2026**, coas seguintes observacións:**

No que se refire á inclusión da bonificación relativa á creación de emprego na ordenanza reguladora do ICIO, dicir que malia que se trata dun imposto instantáneo, podería considerarse, se a intención é o fomento e a

fixación de emprego, como no resto de figuras tributarias afectadas (IAE, IBI) establecer unha obriga de mantemento deste emprego xerado durante un período.

Por outra banda, como se sinalou en anteriores informes, vense nos últimos anos, facendo mención entre outros aspectos a un certo estancamento na evolución dos ingresos fronte aos gastos aos que deben dar cobertura. É certo que no exercicio 2024 se tomaron algunhas medidas neste senso, con respecto ao IBI e certas figuras recadatorias como auga e saneamento, e no 2026 por fin aprobouse (polo momento inicialmente, publicado anuncio no BOP de 07.08.2026) o prezo público relativo aos servizos no Auditorio Fuxan os Ventos, pero aínda así no informe 2026/689 á liquidación do Orzamento Xeral de 2025, de 14.05.2026 indicábase

"Por todo o exposto, a conclusión pode ser que se está nunha liña de actuación axeitada pero que se debe continuar, pois despois dunha fase inicial de forte deterioro dos datos económico-financeiros ata 2023, seguiuse cunha recuperación en 2024, que semella consolidarse en 2025. Pero isto non quere dicir que se poda perder a perspectiva, nin esquecer as consecuencias de sairse dela, como se viu nos anos anteriores, polo que a xuízo do que subscribe, deben seguir aplicándose medidas de racionalización do gasto discrecional non obrigatorio e ***de revisión das ordenanzas fiscais referidas a taxas e prezos públicos, que se correspondan con servizos e actividades prestados polo Concello, de forma que se trate de dar cumprimento ás obrigas legais de cobertura do custe*** *(art. 25 e 44.1 do TRLRFL, art. 7 e 25.1 da Lei 8/1989, de 13 de abril). O obxectivo do concello debe ser ter a capacidade de financiar con recursos ordinarios tanto o gasto corrente (o actual e o futuro), como unha parte razoable dos gastos de investimento, freando ou reducindo a necesidade de empregar operacións de crédito para iso"*

Tendo en conta o anterior, enténdese que o concello podería e debería ser máis ambicioso nas modificacións propostas para 2027, que na maioría dos casos se limitan a introducir ou modificar bonificacións, xa que se botan en falla figuras recadatorias importantes que seguen sen axustarse ao custo que xeran, e outras que, non tendo tanta transcendencia económica, tamén axudarían a mellorar a situación xeral, sen obviar as obrigas legais xa citadas dos artigos 25 e 44.1 do TRLRFL, art. 7 e 25.1 da Lei 8/1989, de 13 de abril, e máis específicas como o artigo 11.3 da Lei 7/2022, de 8 de abril.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.
Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.

Asinado dixitalmente polo Interventor Xeral Municipal, Luis Ramón Vázquez Parga, na data que se indica á marxe.